

DECRETO CONVOCATORIA XGL - EXP. Nº: 2026/G005/000034.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns, día 3 de agosto de 2026, ás 10.00 h**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 E 29 DE XUÑO, 6, 13 E 20 DE XULLO E A EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 26 DE XUÑO DE 2026 (Exp. 2026/G004/000505).

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

PERSOAL

2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE COBERTURA TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NO SERVIZO DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO

LICENZAS URBANÍSTICAS

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UN EDIFICIO NA PARCELA 11 DO POLÍGONO SUR K (Exp. 2025/Y001/000294).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN DE LICENZAS DE SOLUCIÓN ANTIVIRUS (EPP) PARA ORDENADORES PERSOAIS, SERVIDORES E TERMINAIS ANDROID DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO

ACTAS E GOBERNO

PPF/nmf

Ref: 26decreto056

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-8-2026

ABERTO SIMPLIFICADO (Exp. 2026/C004/000015).

5. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES E ARBOREDO URBANO NO CONCELLO DE LUGO (Exp. 2021/C003/000019): APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN (Exp. 2025/C003/000050).

FOMENTO

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2026.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, na Secretaría Xeral.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.